



AYUNTAMIENTO DE VIGO

PERSOAL

FECHA	22 de Xullo de 1988
REFERENCIA	
ASUNTO	TRASLADO ACORDO PLENARIO

DESTINATARIO	Sr. D. JOSE Teijeiro Rois Director C.E.D.R.O. e o seu equipo de trabalho, así como o secretario do Concello de Vigo, e os servidores do <u>CONCELLO</u>
--------------	--

O Pleno da Exca. Corporación Municipal, en sesión do día 30 de Xuño pasado, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Autoriza-la compatibilidade do Administrador do Hospital Municipal D. Feliciano Aldazábal Gómez co exercicio da actividade de Profesor Mercantil e Censor Xurado de Contas tendo en conta que a actividade que se declara compatible refírese a traballos que desempeña un ou dous meses ó ano.

2º.- Autoriza-la compatibilidade de Dña. Guadalupe Varela Coello na súa actividade como Auxiliar Administrativo eventual coa actividade privada como Avogado e ós sós efectos da súa Colexiación no Colexio Oficial de Avogados condicionando o acordo a que presente declaración xurada en garantía do sentido do acordo.

3º.- a). Autorizar a D. ARSENIO DIAZ DEL RIO FERY para o exercicio da docencia como profesor asociado do Colexio Universitario de Vigo, nos termos contidos no Decreto de 30 de novembro de 1987, e coa percepción do complemento específico.

b). Desestima-la solicitude de D. JOSE TEIJEIRO ROIS, Director do Centro de Drogodependencias, para compatibiliza-lo segundo posto de traballo ó servicio do Concello de Vigo co de Médico no Instituto Social da Marina, por tratarse de posto en Organismo Público ó estar desempeñando o posto no Concello a xornada completa e non a tempo parcial.

c). Declara-la incompatibilidade co posto de traballo neste Concello co exercicio privado das actividades que se indican, para o seguinte persoal, por estimar que estas poden comprometer la imparcialidade e a independencia no desempeño das funcións dos respectivos postos municipais:

- * D. ABELARDO PARDO RODRIGUEZ, co exercicio da Avogacía.
- * D. FRANCISCO-JAVIER GARCIA-QUIJADA ROMERO, Dña. JULIA CHAMOSA MARTIN, D. ENRIQUE ACUÑA FERNANDEZ, D. ALBERTO ABIA ALONSO e D. LUIS-FELIPE COMESAÑA ARRIBAS, para o exercicio da profesión de Arquitectos.
- * D. Luis Gallego Paramos e D. MANUEL MORENO GARCIA para o exercicio da profesión de Aparellador ou Arquitecto Técnico e Taxador da Caixa Provincial de Aforros de Pontevedra.
- * D. JOSE TEIJEIRO ROIS, coa práctica privada da súa especializada médica.
- * D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA, coa actividade de Farmacéutico coa Oficina de Farmacia.
- * D. RAMON MARTINEZ CARRERA, co exercicio da profesión de Deliñante.
- * D. BLEITO LEDO CABIDO, coa actividade de empresa editorial da que é accionista maioritario.

* D. MIGUEL FONT ROSELL coa profesión privada de Arquitecto Técnico.

d). Comunicar o presente acordo ós respectivos Colexios Profesionais, intere-
sando dos mesmos comuniquen ó Concello calquera incumprimento que poida
producirse en materia de incompatibilidades."

O que lle traslado para o seu coñecemento e demás efectos, significándolle que con-
tra o precedente acordo poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes,
ante a Excma. Corporación Municipal, que se entenderá desestimado transcurrido outro,
podendo interpoñer, nese caso, recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia
Territorial da Coruña no prazo dun ano, a contar desde a data de interposición do
recurso de reposición.



O SECRETARIO XERAL,

Francisco Crusat López

RECEBIN: